

Resolución Reitoral, de 12 de setembro de modificación da convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao para o curso 2025/2026

Tras a publicación o 30 de maio de 2025 da convocatoria de admisión, matrícula e avaliación nas ensinanzas de grao para o curso 2025/2026

ESTA REITORIA RESOLVE modificar na referida convocatoria os artigos 1.9 e 2.1.2 que quedan redactados do seguinte xeito:

1.9 Cursar una mención

Cando o plan de estudos dunha mesma titulación de grao oferte diferentes mencións as persoas tituladas, unha vez rematados os estudos, poden solicitar cursar outra mención no mesmo centro ou nun centro diferente da UVigo. Tamén, persoas graduadas por outras universidades teñen a posibilidade de acceder a cursar unha mención nalgúnhas destas titulacións.

O trámite iniciárase en sede electrónica distinguindo entre [cursar unha mención sendo persoa titulada na UVigo](#) e [cursar unha mención sendo persoa titulada noutra universidade española](#). En ambos casos, as solicitudes resolveranse por delegación reitoral polo órgano de dirección do centro.

De existir varias mencións no correspondente plan de estudos da titulación de grao e unha vez superados todos os créditos da titulación, os estudantes poderán matricularse nas materias correspondentes a unha mención distinta da cursada para a obtención do título. Considerándose as mesmas como materias optativas e sen que a súa superación de lugar a obtención da mención nin teña outros efectos que a súa inclusión na correspondente certificación académica.

Cando unha mención se oferte en diferentes linguas, os/as estudantes poderán matricularse en materias da mención que son impartidas en lingua diferente e, polo tanto, constitúen itinerarios diferenciados dentro da propia mención. Estas materias serán consideradas como materias optativas e a súa superación só terá efectos na súa inclusión na correspondente certificación académica.

2.1.2 Impedimentos de matrícula

- Incurrir nalgún impedimento propio do plan de estudos ou na memoria de verificación da titulación como é a perda do dereito á docencia e/ou á avaliación nalgúnha materia debido á extinción dese plan.

Con carácter xeral, efectuarase a matrícula para realizar probas de avaliación nas que se houbera estado matriculado en cursos anteriores.

Con todo, e a efectos de favorecer a finalización de estudos no plan en proceso de extinción, o estudantado matriculado no plan de estudos poderá formalizar a súa primeira matrícula en materias nas que non se imparta docencia. Este dereito rematará consonte ao previsto na implantación do novo plan de estudos. O estudantado de novo ingreso que accede polo procedemento xeral de admisión non poderá matricularse nun plan en extinción.

O estudantado que solicite admisión polo procedemento de recoñecementos de créditos poderá matricularse no plan en extinción sempre que non teña a posibilidade de matricularse alomenos de 48 créditos no novo plan.



- Incumprir a normativa de permanencia e progreso nas titulacións de grao e de máster.
- Ter o expediente trasladado no momento da formalización da matrícula, salvo que se teña concedida unha simultaneidade de estudos que lle permita matricularse en ambas universidades ou titulacións no mesmo curso académico.
- Ter unha sanción disciplinaria.

En Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,

